

## CAMIÑANDO POR SAN XURXO

A parroquia de San Xurxo, pertence ao Concello de Salceda de Caselas, conta cunha poboación actual de 742 habitantes. Está composto polos barrios de Condide, Outeiro, Bouzavedra, Mariña, Laxe e Vendanova..

Os accidentes xeográficos máis salientables son o núcleo formado polas Penizas e Costoura con cotas entre os 281 m. e os 302 m., e o regato de Bacón , principal corrente de auga de San Xurxo, afluente do río Caselas, o cal tamén discorre nun curto traxecto do seu curso por esta parroquia. A senda etnográfica do Río Caselas pasa en gran medida por esta parroquia, sendo os muíños de Marcial e Figueiras pertencentes a esta parroquia.

## HISTORIA

Nesta parroquia, existen importantes xacementos da época castrexa: As Penizas, o Castro e Torre do Coto de Condide ou o Castro das Coruxeiras. Esta parroquia estivo unida en calidade de anexo a Santo Tomé de Parderrubias, da cal foi separada o 23 de abril de 1.738, data na que pasan a ter Abade propio.

San Martiño da Picoña e San Xurxo, eran de presentación dos señores da casa da Picoña, os Troncoso de Lira de Sotomaio. A parte da casa grande da Picoña estaba a Pedradauga, pertencente os Araujo de Sotomaio do S. XVI, señores da xurisdicción de Parderrubias: o SEÑORÍO DAS NOGUEIRAS, do S. XIX. Baixo este nome aínda se conserva unha antiga casa noble situada sobre un outeiro nas faldas do monte Costoura, á que se abre unha fermosa

paisaxe de viñedos e verdes terras de laboura, divisándose hacia o Este, nun alto, a singular silueta do Pazo da Picoña, do cal dende as súas orixes dependeu este Señorío.

No pasado existiu a casa e morgado de Pedradauga, pertencente dende o século XVI ós señores De Araújo e no século XIX o Conde de San Román, vinculeiro daqueles. Tamén existiu, xa no século XVI, o Señorío das Nogueiras, pertencente a familia Sotomaio; en ámbalas dúas casas, consérvanse os escudos destas familias. A orixe desta casa está na fundación do maiorazgo das Nogueiras polo abade da Picoña D.Luis Troncoso de Lira e Sotomaio, familiar do Santo Oficio da Inquisición, fillo de D.Luis Troncoso de Lira e Sotomaio (señor da Picoña e de Lira), e a súa muller Dña. María Falcón de Sotomaio (da casa dos Méndez de Sotomaio de Vigo).

Existe un Escudo de armas (foto) que se atopa empotrado nun dos muros da actual casa na que se pode ver un remate dun antigo portalón cun escudo cos escaques dos Sotomaio. Xunto con el, invertido, aparece un anaco de inscrición onde só se pode ler "ANO 1642", a cal debeu formar parte do referido portalón.



Escudo de armas

## CRUCEIROS



Cruceiro da Mariña



Cruceiro do cemiterio

Hai que destacar os cruceiros que temos na parroquia como o da Mariña coa figura de Xesucristo feito recentemente polos veciños e o do Cemiterio, a mellor obra de arte da Parroquia, posiblemente feito polo escultor Cerviño no ano 1872 á Devoción de Francisco Beloso e a súa dona. Anteriormente estaba posto no camiño que sube ó Outeiro.

## PETOS DAS ALMIÑAS DO CAMIÑO

Os tres petos de ánimas (almiñas), son únicas pezas deste tipo na parroquia.

A parroquia de San Xurxo, segundo os historiadores tudenses Ávila e A Cueva, estivo incorporada como anexo á de Parderrubias, xa dende antes de 1502.

Morto o abade de Parderrubias, D. García de Losada e Sotomaio, que se opuña, a instancias de D. Pedro Troncoso de Lira, Señor da Picoña, o Sr. Bispo D. Fernando Ignacio de Arango e Queipo, o 28 de abril de 1739, desmembrou e separou da de Parderrubias, entre outras, á nosa de San Xurxo.

### 1.- Almiñas do Camiño.

Dos tres petos de ánimas, consideramos como máis antigo o coñecido por Almiñas do Camiño, que alude, precisamente, ó vello Camiño Real, que, de Salvaterra pasando por Salceda, levaba ó Porriño.

Pon: "Á DEVOCIÓN DE LUIS MARTINES E OS SEUS CUÑADOS JOSE E JOSEFA SANJUAN SUCESORES DE FRANCISCO SANJUAN ANO DE ¿?".

### 2.-PETO DAS ALMIÑAS DE VENDANOVA.

Ubicación na que se emprazou a Antiga praza de Galán e García Hernández , capitáns do exército executados no ano 1930 pola súa loita antimonárquica, onde figuraba un monolito adicado a ambas personalidades. Hoxe en día Peto das Almiñas de Vendanova., expresivo topónimo que alude a unha "Venta Nova" (mesón, casa establecida nos camiños ou despoblados para hospedaxe dos pasaxeiros e en contraposición doutra anterior, "Vendavella". Algo máis adiante recórdase un lugar chamado, aínda "Descanso do Camiñante".

Capit Alí leese: Á DEVOCIÓN DE BENITO FERNÁNDEZ P. O MESTRE MANUEL GONZÁLEZ ANO 1865.

### 3.- PETO DAS ALMIÑAS DE SANTA BÁRBARA.

Este peto de ánimas ubícase a pouca distancia dos anteriores, á dereita da carretera, vía principal (antes, antigo Camiño Real) de Salvaterra-Porriño e inmediato á ermita de Santa Bárbara. Este peto de ánimas leva ese nome, precisamente, por estar situado nas inmediacións da Ermita de Santa Bárbara. Segundo datos do Arquivo Histórico diocesano, esta capela, menciónase xa en 1780.



capela, menciónase xa en 1780.

Bibliografía: Libro das festas de Santa Bárbara 2008: "San Xurxo de Salceda no tempo"



Moitas grazas a Máximo Martínez por proporcionarnos grande parte da información